



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en novembro de 2024

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro do ano 2024 acadou a cifra de 1.081.121 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de outubro de 2024 de 2.255 afiliacións (-0,21%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.302.463, rexistrando unha diminución do 0,14% con respecto ao pasado mes de outubro.


Na comparativa interanual (novembro de 2024 con novembro de 2023) obsérvase un aumento de 17.555 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,65%) e un aumento do 2,39% (496.389 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro de 2024, rexístrase un incremento das afiliacións en sete comunidades autónomas, sendo Murcia (0,92%) e Canarias (0,81%) as que experimentan o maior incremento; mentres que en dez comunidades autónomas rexístrase un descenso das afiliacións, sendo Illes Balears (-15,5%) a que sofre o maior descenso. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias, Illes Balears e Madrid, con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2024	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>21.302.463</b>	<b>-30.051</b>	<b>-0,14</b>	<b>496.389</b>	<b>2,39</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.081.121</b>	<b>-2.255</b>	<b>-0,21</b>	<b>17.555</b>	<b>1,65</b>
Andalucía	3.436.099	22.412	0,66	84.928	2,53
Aragón	617.993	-1.227	-0,20	11.311	1,86
Asturias	386.179	-542	-0,14	6.899	1,82
Illes Balears	509.864	-93.535	-15,50	16.883	3,42
Canarias	936.828	7.494	0,81	33.141	3,67
Cantabria	232.494	-973	-0,42	5.197	2,29
Castilla La Mancha	785.212	1.061	0,14	16.674	2,17
Castilla y León	982.384	-6.727	-0,68	20.253	2,11
Cataluña	3.797.044	-5.805	-0,15	83.688	2,25
Comunitat Valenciana	2.180.443	12.618	0,58	46.501	2,18
Extremadura	414.963	-413	-0,10	3.301	0,80
Madrid	3.756.986	29.895	0,80	114.181	3,13
Murcia	661.597	6.062	0,92	16.286	2,52
Navarra	312.621	-123	-0,04	4.755	1,54
País Vasco	1.022.898	2.138	0,21	11.667	1,15
La Rioja	139.901	-363	-0,26	3.261	2,39
Ceuta e Melilla	47.836	232	0,49	-94	-0,20

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,27%, seguida de Ourense (1,25%), Pontevedra (1,24%) e Lugo (0,91%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do mes de outubro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,21%. Todas as provincias presentan taxas de variación intermensuais negativas: Lugo (-0,98%), Ourense (-0,20%), A Coruña (-0,10%) e Pontevedra (-0,09%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2024	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	472.011	-455	-0,10	10.470	2,27
LUGO	125.282	-1.235	-0,98	1.130	0,91
OURENSE	106.665	-215	-0,20	1.320	1,25
PONTEVEDRA	377.165	-350	-0,09	4.635	1,24
<b>GALICIA</b>	<b>1.081.121</b>	<b>-2.255</b>	<b>-0,21</b>	<b>17.555</b>	<b>1,65</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>21.302.463</b>	<b>-30.051</b>	<b>-0,14</b>	<b>496.389</b>	<b>2,39</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,41% das afiliacións galegas en novembro de 2024, experimentaron un descenso do 0,23% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,3%. En España estas taxas foron do -0,16% con respecto a outubro de 2024 e do 2,62% en relación ao mes de novembro de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,18%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,99%) e Ourense (-1,60%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra e A Coruña (ambas cun 0,02%) presentan unha taxa positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,47%. Para este réxime e con respecto ao mes de outubro de 2024, baixan as afiliacións en Lugo (-0,23%) , Pontevedra (-0,15%) e A Coruña (-0,04%); mentres que soben en Ourense (0,04%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,10%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,25% e unha subida intermensual do 0,02%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a novembro de 2023, baixan as afiliacións en Pontevedra (-5,57%), Lugo (-2,08%) e A Coruña (-1,70%). A taxa galega acada entón o -4,26%, inferior á de España (-1,36%). Con respecto a outubro de 2024, Lugo (0,37%) presenta unha taxa de variación intermensual positiva, mentres que A Coruña (-0,51%) e Pontevedra (-0,10%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa unha diminución do 0,18% con respecto a outubro de 2024. A taxa nacional é do -2,51%.




**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2024	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	472.011	-0,10	2,27
LUGO	125.282	-0,98	0,91
OURENSE	106.665	-0,20	1,25
PONTEVEDRA	377.165	-0,09	1,24
GALICIA	1.081.121	-0,21	1,65
ESPAÑA	21.302.463	-0,14	2,39
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	383.124	-0,10	2,83
LUGO	92.936	-1,24	1,96
OURENSE	84.506	-0,26	2,03
PONTEVEDRA	297.909	-0,08	1,82
GALICIA	858.475	-0,23	2,30
ESPAÑA	17.855.782	-0,16	2,62
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.721	-0,04	0,02
LUGO	30.961	-0,23	-1,99
OURENSE	22.158	0,04	-1,60
PONTEVEDRA	67.405	-0,15	0,02
GALICIA	204.245	-0,10	-0,47
ESPAÑA	3.385.663	0,02	1,25
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.166	-0,51	-1,70
LUGO	1.385	0,37	-2,08
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	11.850	-0,10	-5,57
GALICIA	18.402	-0,18	-4,26
ESPAÑA	60.125	-2,51	-1,36

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>